

ANUNCIO

ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE ROMAI (PORTAS - PONTEVEDRA)

DATA LÍMITE PARA CAMBIOS DE TITULARIDADE

Comunícase a todos os interesados na zona de concentración parcelaria de Romai que, por resolución da directora xeral de Desenvolvemento Rural do 18 de novembro de 2022, só se tramitarán as solicitudes de cambio de titularidade que se presenten **antes do 31 de decembro de 2022**.


Polo tanto, o último día para presentar as solicitudes é o 30 de decembro de 2022.

Transcorrida a dita data e ata o momento de aprobación do acordo, unicamente se admitirán as solicitudes de cambio de titularidade de parcelas de achega sempre e cando o cambio afecte á totalidade das parcelas achegadas por unha persoa titular e a transmisión se faga integramente a outra, coa excepción dos cambios derivados de sentenzas xudiciais firmes.

En todo caso, a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.

Pode consultar o texto íntegro da resolución na web da Consellería do Medio Rural:

mediorural.xunta.gal/es/recursos/anuncios



Máis información:

Teléfonos 886 206 582 - 886 206 643 - 986 805 440

Pontevedra, data da sinatura electrónica
María José Pérez Gil
Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias

